

PROTOCOLO DO COMEDOR ESCOLAR DO C.E.I.P. DE ARZÚA

INTRODUCCIÓN

Este protocolo é parte integrante do regulamento orgánico do centro escolar e de acordo coa actual normativa vixente, recolle as directrices de organización e funcionamento do servizo de comedor, así como o seu seguimento e avaliación durante o curso escolar por parte da comisión do Consello Escolar para o servizo de comedor. Igualmente pretende concretar a aplicación da regulamentación presente na lexislación:

- 1.) Artigo 82.2º da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, LOE (BOE do 4 de maio)
- 2.) Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro, polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.(DOG do 6 de febreiro de 2007).
- 3.) Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.(DOG do 5 de marzo de 2007).
- 4.) Circular Instrución do 16 de maio de 2007 da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión directa para o curso escolar 2007-2008.
- 5.) Orde do 13 de xuño de 2008, pola que se modifica a do 21 de febreiro de 2007, pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de COMEDOR ESCOLAR nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- 6.) Circular Instrución do 19 de Xuño de 2008, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sobre o funcionamento dos comedores escolares regulados no artigo 2.1.a) do Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro, no curso escolar 2007-2008.

A referida normativa contempla o comedor escolar como un servizo complementario de carácter educativo ademais de cumprir unha función básica de alimentación e nutrición, estando integrado na vida e organización do centro de tal xeito que a súa organización, desenvolvemento e avaliación forma parte da programación xeral anual do C.E.I.P. de Arzúa. Deste xeito o actual documento estará aprobado polo Consello Escolar e o seu contido ratificado igualmente por este como parte integrante do regulamento de réxime interno do Proxecto Educativo de Centro e na programación e memoria do curso escolar. Entenderase pois como servizo de comedor os servizos de xantar e de atención aos usuarios nos períodos de tempo libre anterior e posterior nos cales se fomentarán programas de promoción da saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais. Para regularlos,organizalos, e avalialos xurde a seguinte secuencia dos contidos do presente protocolo.

INDICE

- 1.- Modalidade de prestación do servizo e clasificación.
- 2.- Calendario e horarios de funcionamento.
- 3.- Número de comensais e usuarios.
- 4.- Planos,dependencias e mobiliario.
- 5.- Actividades educativas programadas durante a quenda de comedor.
- 6.- Actividades educativas de lecer e tempo libre programadas.
- 7.- Atención ao alumnado usuario do servizo.
 - Tarefas de atención.
 - Funcións específicas:
 - Personas de atención educativa, apoio e vixilancia do servizo de comedor.
 - Personas laborais do servizo de comedor escolar.
 - Personas docentes: dirección e encargada do servizo.
- 8.- Regulamento de actuacións:dereitos e deberes,menús, seguranza e hixiene,...
- 9.- Atribucións, financiamento e control do gasto:
 - Consello Escolar

- Director do Centro
- Comisión do Servizo de Comedor

10.- Avaliación

1.MODALIDADE DO SERVIZO.

A modalidade de prestación do servizo do comedor do C.E.I.P. de Arzúa é de xestión directa polo propio centro por medio do persoal da comunidade educativa dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (artigo 2º do Decreto 10/2007 do 25 de xaneiro e artigo 2º da Orde do 21 de febreiro de 2007).

A súa categoría ou clasificación é de Tipo C :de 151 a 250 comensais,consideradas aquelas persoas que fan uso do comedor escolar (artigo 5º do Decreto 10/2007 do 25 de xaneiro e artigo 5ºda Orde do 21 de febreiro de 2007).

Modalidade:	Categoría:	Número de comensais:
Xestión directa	Tipo C	247*

2.CALENDARIO E HORARIOS DE FUNCIONAMENTO.

O calendario de apertura e peche do servizo do comedor escolar do centro virá determinado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nas súas respectivas disposicións e nos distintos cursos segundo a Orde en vigor pola que se aprobo o calendario escolar para o curso correspondente, nos centros docentes sostidos con fondos públicos. Así o comedor escolar do C.E.I.P. de Arzúa funcionará dende o inicio do curso ata o remate do mesmo. O seu funcionamento coincidirá co período lectivo do centro e supeditado ao mesmo.

Inicio:	Número de días:	Remate:

O seu horario de funcionamento está determinado pola aprobación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dos propios horarios lectivos de mañá (xornada continua) nos meses de setembro e xuño, e da xornada partida (de mañá e tarde)no resto dos meses do curso escolar: de 9,30 horas a 14,30 horas e de 10,00 a 17,00 horas respectivamente; polo que na primeira unicamente consta dun período de xantar de 14,30 a 15,30 e na segunda con dous períodos consecutivos de xantar e libre de 14,10 a 16,00. No primeiro caso unha vez rematado o horario de xantar , tamén remata a xornada escolar. No segundo comeza o tempo libre posterior ao xantar coas actividades programadas no regulamento do presente documento.

Xornada lectiva:	Horario de xantar:	Tempo libre posterior:
Continua (setembro e xuño)	14,30 a 15,30	
Partida	14,10 a 15,00	15,00 a 16,00

3.NÚMERO DE COMENSAIS E USUARIOS.

A capacidade máxima actual de comensais do Comedor Escolar do C.E.I.P. de Arzúa é de 250 persoas que poden facer uso del incluída a totalidade do persoal do comedor (director,encargada,persoal de cociña,colaboradores con nómina e sen nómina e coidadores), alumnos transportados, alumno con axuda (do 100% ou 50%) ou sen axuda, así como o resto de profesores e outros comensais, nunha soa quenda.


Comensais:243	Con axuda:	Sen axuda:
Persoal do comedor. director, encargada,2 cociñeiras, auxiliar de cociña ,coidador/a e * colaboradores (con e sen nómina).	*	*
Alumnado transportado(*) e axuda do 100% (*)	*(Inf.*-Prim.*) transp Inf.* -Prim * Axuda Inf.*-Prim *	*
Profesores e outros	0	*

(*) O seu número depende sempre de cada curso .

4.- PLANOS,DEPENDENCIAS E MOBILIARIO.

O comedor constitúe un edificio independente de aproximadamente 654 metros cadrados no que sitúanse varias dependencias específicas deste servizo e que son a propia cociña, despensa do frío, vestiarios do persoal de cociña, servizos femininos e masculinos, despensa e o comedor de colaboradores ademais do propio comedor xeral de comensais.

Dependencias:	Servizos empregados :
Cociña.	Persoal de cociña(cociñeiras e auxiliares).
Despensas.	Persoal encargado do comedor e persoal de cociña.
Comedor colaboradores.	Persoal colaborador de garda e encargados do comedor.
Comedor xeral.	Comensais (alumnado,profesorado e demais persoal)
Servizos.	Usuarios.



5.- ACTIVIDADES EDUCATIVAS PROGRAMADAS DURANTE A QUENDA DE COMEDOR.

As actividades educativas programadas que permitan o desenvolvemento de aspectos e normas relacionadas co hábito de saber comer, e de relación social no contorno do servizo de comedor escolar contemplarán os seguintes aspectos, hábitos, e normas:

- Adaptación
- Hixiene
- Seguridade.
- Colaboración.
- Convivencia.
- Alimentación.

Adaptación. O alumnado do 1º nivel do 2º Ciclo de Educación Infantil (3 anos) terá un período de adaptación ao comedor coincidente co mesmo período e quenda establecido no de adaptación escolar ao centro, que será voluntario e non excederá dos dez días.

5.1.- Hixiene e seguridade.

5.1.1.- Aseo persoal, especialmente das mans antes do xantar e despois de ir ao lavabo como a posterior limpeza dental tanto nos aseos do centro coma do propio comedor, organizados ou ben polo profesorado en coordinación e colaboración co persoal colaborador do servizo ou por este último. No primeiro caso deberase incluír a actividade dentro da programación didáctica para acomodar a temporalización da mesma dentro do horario propiamente lectivo anterior ao horario de xantar, e no segundo na actual normativa co fin de realizalo unha vez rematado o horario das clases.

5.1.2.- Correcto emprego e manipulación dos garfos,coitelos e culleres, así como dos propios vasos,pratos e panos no xantar. Para elo o alumnado usuario do servizo dende a educación infantil terá unha guía de emprego (visual e individualizada) que evolucionará seguindo os obxectivos e as capacidades propias de cada etapa educativa.

5.1.3.- Correcto control postural.

5.1.4.- Coidado e correcto uso da menaxe e das instalacións do comedor escolar.

5.2.- Colaboración.

5.2.1.- O usuario do 3º Ciclo da Educación Primaria en razón do carácter educativo do servizo colaborará na atención do alumnado no xantar. Para elo encomendaranse funcións individuais e colectivas nas tarefas de servizo e apoio ao alumnado usuario, por parte da persoa encargada do comedor escolar.

5.2.2.- O persoal, docente ou non, que participe na atención ao alumnado no servizo de comedor desenvolverá e apoiar á as actividades educativas programadas.

5.3.- Convivencia.

5.3.1.- Para facilitar a convivencia e favorecer a interacción e integración do alumnado faranse actividades de apoio en e nos grupos flexibles distribuídos pola persoa encargada

5.3.2.- Deseñaranse actividades específicas para a asistencia ao alumnado que necesiten a colaboración e soporte dun adulto tanto na alimentación coma no aseo.

5.4.- Alimentación.

5.4.1.- O menú escolar do centro será considerado con un centro de interese con respecto a nutrición e a saúde como parte dos contidos transversais das áreas de coñecemento polo que partido del o profesorado poderá integralo na programación didáctica, e de non ser o caso o persoal colaborador do servizo colaborará e contribuirá a difusión e coñecemento dos valores nutricionais, así como dos beneficios para a saúde e das dietas específicas para as intolerancias ou alerxias específicas. Estas actividades contarán con apoios e soporte gráficos e visuais para os usuarios.

5.4.2.- Desenvolveranse aquelas outras actividades programadas en razón da conveniencia para os usuarios e funcionamento do Comedor Escolar de programas e proxectos específicos das distintas administracións aprobadas polo Comisión do Servizo de Comedor ou Consello Escolar.

6.-ACTIVIDADES EDUCATIVAS DE LECER E TEMPO LIBRE PROGRAMADAS.

Potenciar o desenvolvemento de actividades de lecer e tempo libre para dinamizar a atención e vixilancia do alumnado usuario do comedor escolar do C.E.I.P. de Arzúa co fin de favorecer unha maior diversificación coa planificación das seguintes actividades:

- Adaptación (a mesma que a do apartado 5).
- Actividades de acompañamento.
- Actividades de lecer e xogo.
- Actividades audiovisuais.
- Actividades de lectura.
- Actividades deportivas e outras diversas.

6.1.- Actividades de acompañamento.

6.1.1.- O alumnado de educación infantil será acompañado polo persoal colaborador e tamén polo seu profesorado (de xeito voluntario durante o período de adaptación) dende as súas aulas (rematado o período lectivo) ata o interior do recinto do comedor escolar.

6.1.2.- Igualmente o persoal colaborador os acompañará dende o comedor escolar ata os espazos das actividades específicas e dende elas a entrada do edificio escolar ata comezar o horario lectivo.

6.1.3.- De igual xeito poderán acompañalos tanto aos aseos do comedor coma aos do colexio nos casos que sexa preciso e convinte.

6.1.4.- Durante os meses de setembro e xuño acompañaranse tamén ata a propia saída do recinto (pista cuberta) onde serán recollidos polos seus familiares e acompañantes do transporte escolar.

6.2.- Actividades de lecer e xogo.

6.2.1.- Desenvolveranse vixiados polo persoal colaborador dentro do recinto escolar nos distintos espazos ou zonas dispoñibles para tal fin:

- Área de educación infantil, vixiados por dúas persoas (actividades de xogo no foso de area e nas instalacións recreativas de infantil)
- Área da pista polideportiva descuberta, vixiada por unha persoa (xogos populares e libres por parte do alumnado).
- Área da pista polideportiva cuberta e xardíns, vixiada por unha persoa (xogos populares e libres por parte do alumnado).
- Área da porta de entrada do recinto e servizos do comedor, vixiada por unha persoa (xogos populares e libres no foso de area, terra e corredores).

6.3.- Actividades audiovisuais.

6.3.1. Realizadas preferentemente na aula de audiovisuais para Educación Infantil e 1º Ciclo de Primaria cando a climatoloxía non permita as outras actividades lúdicas ou de xogo. Tamén poderanse realizar noutras dependencias habilitadas. Vixiadas por dúas persoas co fin de poder facer o acompañamento aos servizos no caso necesario da Educación Infantil.

6.4.- Actividades de lectura.

6.4.1. Lectura e consulta dos fondos da Biblioteca escolar a cargo dunha persoa (preferentemente a cargo do profesorado colaborador).

6.5.- Actividades deportivas e outras diversas.

6.5.1. Actividades deportivas dos diferentes equipos participantes no deporte escolar baixo a supervisión dos seus respectivos mestres encargados, realizando exercicios tácticos e técnicos que non supoñan unha carga física inapropiada para o horario delas. O alumnado debe contar coa autorización expresa dos seus pais ou titores legais. Estas actividades contarán cun calendario e horario específico para a súa posta en práctica.

6.5.2. Actividades diversas que o profesorado do centro (titores ou especialistas) propoñan desenvolver coa participación do alumnado. Estas actividades serán sempre voluntarias para o alumnado e contarán coa autorización expresa dos seus pais ou titores legais e dos colaboradores, ademais da encargada do comedor e Dirección.

*Nestas actividades o mestre é o responsable do grupo de alumnos que non excederá en ningún caso da proporción establecida na lexislación (15 en infantil e 30 en Primaria).

7.- Atención ao alumnado usuario do servizo.

7.1.- Tarefas de atención.

7.1.1.- Funcións específicas:

Persoal de atención educativa, apoio e vixilancia do servizo de comedor.

Persoal laboral do servizo de comedor escolar.

Persoal docente: dirección e encargada do servizo.

7.1.- Tarefas de atención.

O alumnado usuario do servizo estará atendido por oito (8) colaboradores (nais ou pais do alumnado e mestres) que ademais da tarefas de acompañamento (apart. 6.1) realizarán as súas funcións repartidos nas diferentes áreas ou zonas e actividades dentro e fóra do comedor escolar.

Dentro do comedor as oito persoas colaboradoras vixiarán a totalidade dos alumnado supervisadas pola encargada de comedor ou Dirección en catro zonas preferentes de atención: infantil, 1º Ciclo de Primaria, 2º Ciclo e 3º Ciclo. Delas ao menos a metade serán fixas (realizarán a vixilancia diaria ao longo de todo o curso) e o resto farano segundo a quenda de garda correspondente establecida pola encargada de comedor (de xeito equilibrado e rotatorio segundo o número de persoas dispoñibles). Igualmente existirá a quenda para as posibles substitucións motivadas polas ausencias ou baixas (xustificadas e motivadas ante a encargada de comedor e Dirección). A coidadora ou coidador encargada do alumnado con necesidades específicas farano ao longo de todo o curso.

O persoal colaborador de garda xantará no Comedor exclusivo de Colaboradores en quendas de dúas persoas de cada vez nun tempo limitado que non excederá en ningún caso dos 30 minutos. No caso do persoal colaborador cando non teña garda farao no comedor xeral.

Fora do comedor as oito persoas colaboradoras vixiarán a totalidade dos alumnado nas cinco zonas preferentes de atención: infantil (2), pista polideportiva descuberta (1), pista polideportiva cuberta (1), entrada do recinto e servizos comedor (1), biblioteca (1) e audiovisuais (2). Todas elas englobadas na quenda de garda e substitucións.

7.1.1.-Funcións específicas:

Persoal colaborador	Persoal laboral	Encargada, Dirección e Consello
a) Cumprir co labor de coidado, atención educativa ao alumnado e apoio ás actividades establecidas.	a) Elaboración de comidas de acordo co menú aprobado polo Consello Escolar.	-Coordinar o desenvolvemento dos aspectos e normas relacionadas co hábito de saber comer, e de relación social no contorno do comedor.
b) Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación da menaxe, aplicando as normas e indicacións da encargada do comedor escolar e dirección para o correcto desenvolvemento das actividades e tarefas propias do servizo.	b) Velar pola calidade e conservación dos alimentos, cumprindo as normas de sanidade e hixiene.	-Potenciar as actividades de atención e vixilancia -Supervisar e organizar o seu funcionamento. -Elaborar o inventario do equipamento do servizo de comedor e a súa reposición, alevando á dirección do centro e comisión propostas sobre control e mellora de menús, distribución do seu orzamento e control do gasto.
c) Axudar os alumnos e as alumnas que, por idade ou necesidades asociadas a condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.	c) Servizo de atención ás mesas dos usuarios.	-Dirixir, coordinar e supervisar o servizo de comedor escolar. -Estudar e elaborar o proxecto de orzamento. Autorizar os gastos, e ordenar os pagamentos. Verificar o cobramento das cantidades correspondentes do servizo de comedor aos usuarios del. Coordinar as tarefas do persoal. Presidir a comisión do servizo de comedor escolar, e velar polo cumprimento das normas sobre sanidade e hixiene.
d) Informar o equipo directivo do centro, no impreso (anexos I) de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo para poñela en coñecemento das familias.	d) Limpeza das instalacións e equipamentos do servizo de comedor escolar, coidando o seu uso e conservación.	
e) Atención ao alumnado nos períodos de antes e despois do xantar, basicamente no exercicio e desenvolvemento de actividades programadas para eses períodos, atendendo ás orientacións da encargada do servizo de comedor escolar.	e) Colaborar no seguimento dos protocolos de seguranza e hixiene e de riscos laborais.	-Aprobar o proxecto de orzamento de ingresos e gastos do servizo e a súa xustificación. Decidir sobre a admisión do alumnado usuario; aprobar o plan de actividades educativas e recreativas; aprobar a creación da comisión do servizo de comedor escolar, os menús de acordo coas necesidades de alimentación do alumnado, por proposta da comisión do comedor escolar.; propoñer a relación de alumnado beneficiario total ou parcialmente do servizo de comedor escolar, de acordo cos criterios establecidos para tal fin.
f) En razón do carácter educativo do servizo de comedor escolar, colaborar para fomentar a participación do alumnado de 5º e 6º de primaria, sen que iso supoña a menor a atención no devandito servizo.	f) Asistir, se é o caso, ás actividades específicas programadas dentro do Plan de formación continuada.	
COMISIÓN DO COMEDOR ESCOLAR formada pola encargada do comedor escolar e os membros da comisión económica do C.E.I.P. De Arzúa.		

8.- Regulamento de actuacións: dereitos e deberes, menús, seguranza e hixiene,..

8.1.- O persoal, docente ou non, que participe voluntariamente na tarefa de atención ao alumnado no servizo de comedor escolar non poderá abandonala, a non ser por causa xustificada, e sempre con coñecemento e autorización da encargada e dirección do centro

8.2.- O persoal colaborador aplicará as normas e indicacións da encargada do comedor escolar e dirección para o correcto desenvolvemento das actividades e tarefas propias do servizo do comedor escolar.

8.3.- A encargada de comedor é responsable da distribución dos usuarios no comedor, así como da propia organización:

SETEMBRO E XUÑO	OUTUBRO - MAIO
<p>14:40: Os alumnos que disfrutan deste servizo son acompañados polo mestre/a á aula de psicomotricidade para deixar as mochilas ao sitio debidamente indicado. Posteriormente esperan, formando fila no corredor de acceso ao comedor, a que o persoal colaborador lles indique que deben entrar.</p> <p>Os alumnos/as de Educación Infantil, xa veñen acompañados dende as aulas, e en fila, polo persoal encargado de dita tarefa. Estes/as alumnos/as levan as súas mochilas ao interior do comedor para facilitarlles o proceso.</p> <p>Unha vez no interior tódolos usuarios/as son repartidos no recinto tendo en conta a titoría que comparten ou outras necesidades(xantar cun irmán, un veciño...); todo isto revisable periodicamente e atendendo ás variables que se podan presentar.</p> <p>14:45- Antes de dar comezo ao primeiro prato, tódolos alumnos/as deberán estar en silencio para escoitar posibles recomendacións da encargada de comedor.</p> <p>15:05- Vólvese a gardar silencio antes de empezar co segundo prato e prostre.</p> <p>15:35- Os usuarios/as de Educación Infantil formarán unha fila diante da porta principal do comedor para saír ata o patio cuberto, sempre acompañados dun colaborador/a, onde esperarán á acompañante do autobús correspondente ou á persoa que os veña buscar.</p> <p>15:36- O resto do alumnado de primaria, sairá pola porta de psicomotricidade formando alí as filas unha vez recollidas as súas mochilas, tamén en todo momento sendo acompañados/as por un colaborador/a. Esperarán no patio cuberto ata que os alumnos/as de E.I. xa estean nos autobuses.</p> <p>15:38- A encargada de comedor ou o director proporcionarán aos transportistas a lista de nenos/as que nese día, non voltarán no autobús.</p> <p>15:40- Os usuarios/as de E.P., por orde, irán accedendo ao transporte.</p> <p>15:45- Os alumnos/as, tanto de E.I. como de E.P. que non empreguen transporte agardarán no patio cuberto á chegada de quen os veña recoller.</p>	<p>Durante este período o que cambia é o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none">- Ao mediodía os nenos formarán fila no corredor de acceso ao comedor sen ter que deixar as mochilas antes.- Despois do xantar , e tamén en orde, sairán directamente do comedor para o recreo. <p>O protocolo de funcionamento dentro do comedor será igual todo o curso, atendendo tanto a unha boa incorporación e adaptación do neno/a a este servizo, como a unha alimentación correcta e equilibrada.</p> <p>Non se descoidará en ningún momento a boa educación na mesa: postura na cadeira, emprego dos distintos útiles(garfo,coitelo...), respecto aos demais...</p> <p>Salientar o réxime de rigoroso control que se segue cos nenos alérxicos a determinados alimentos ou compoñentes.</p> <p>Igualmente que no período anterior(Setembro e Xuño) a vixilancia diaria estará realizada polo persoal colaborador en conxunto.</p> <p>Os menús serán elaborados mensualmente pola encargada de comedor coas asesorías pertinentes de cociña e pediatría, expoñéndoos no taboleiro de anuncios e proporcionando unha copia a tódalas persoas implicadas neste servizo. Do mesmo xeito se procede á merca de alimentos e outros produtos e materiais do comedor escolar.</p> <p>Cómpre engadir que os comensais beneficianse dos produtos lácteos subvencionados pola Xunta de Galicia, sendo á conta do Comedor a parte correspondente a aboar polos beneficiarios do programa oficial.</p> <p>Aproximadamente, cada dous meses, realízanse controis sanitarios, tanto en materia de instalacións, equipamento, hixiene e calidade dos alimentos, como do persoal que os manipula, levantándose acta de cada visita.</p>

8.4.- O Director e/ou encargada de comedor poderá recusar a persoa colaboradora que non realice correctamente as súas funcións (deliberadamente ou por motivos e circunstancias persoais), tras un trámite de audiencia, e tras o informe preceptivo da Comisión do Servizo de Comedor que dará conta ao Consello Escolar do Centro.

8.5.- A Comisión do Comedor ademais das funcións previstas na lexislación específica será a encargada de seleccionar ao persoal colaborador do Comedor conforme aos criterios de equidade e igualdade (renda anual familiar, experiencia e permanencia)

9.- Atribucións, financiamento e control do gasto:

- O Director do Centro, levará conxuntamente coa encargada a contabilidade do servizo de Comedor conforme ao establecido na lexislación específica¹
- A Comisión do Servizo de Comedor controlará a contabilidade do servizo axustada ao presuposto conforme ao disposto pola Comisión Económica do Centro. Neste caso integrada pola nai representante da Anpa, pola xefa de estudos, pola secretaria e polo director).
- O Consello Escolar aprobará, se procede, o presente protocolo e as actuacións previstas no mesmo conforme a lei. Igualmente avaliará o funcionamento do servizo de Comedor na procura da súa mellora.

10.- Avaliación:

10.1.- O servizo de Comedor contempla unha tripe avaliación por parte dos responsables do servizo (encargada e director), da Comisión, e do propio Consello Escolar do Centro, ademais das propias das administracións responsables (inspección de sanidade, de servizos complementarios de comedor, de educación....)

10.2.- As avaliacións faranse periodicamente por parte dos responsables:

10.2.1.- A encargada e director farán unha avaliación semanal do funcionamento do co fin de corrixir posibles carencias ou deficiencias e de melloralo servizo.

10.2.2.- A Comisión do Servizo de Comedor fará unha avaliación mensual.

10.2.3.- O Consello Escolar fará unha avaliación trimestral do servizo.

10.3.- Os controis propios das respectivas avaliacións contemplarán tódolos servizos prestados e a súa adecuación aos obxectivos marcados (na propia programación xeral anual conforme ao proxecto educativo de centro), e a propia lexislación vixente.

¹ Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro, polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG do 6 de febreiro de 2007).

Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG do 5 de marzo de 2007).

Circular Instrución do 16 de maio de 2007 da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión directa para o curso escolar 2007-2008.

Orde do 13 de xuño de 2008, pola que se modifica a do 21 de febreiro de 2007, pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de COMEDOR ESCOLAR nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Circular Instrución do 19 de Xuño de 2008, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sobre o funcionamento dos comedores escolares regulados no artigo 2.1.a) do Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro, no curso escolar 2007-2008.